




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Muxía. Parroquias: San Xulián de Moraiame. Extensión: 1,8km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A unidade artículase en base a unha ampla chaira costeira elevada, que ocupa o promontorio de Punta Merexo. A partir dela, cara ao interior, as vertentes do Monte Merexo ascenden drasticamente chegando a alcanzar pendentes superiores ao 60 %, co que a unidade queda claramente dividida en canto á súa morfoloxía. Do mesmo xeito, a liña de costa orientada ao norte até a mencionada punta, presenta áreas acantiladas, mentres que na franxa litoral orientada cara á Enseada de Merexo, a menor intensidade da erosión mariña e a proximidade do relevo dan lugar a complexos de deposicións, entre os que destacan as praias de Ribeira e Area do Coto.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade ten como única especie rochosa consolidada un granitoide migmático hercínico. A fronte costeira pode contar con depósitos antigos pleistocénicos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada incluída no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 15°C, precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm ao ano e oscilación térmica media anual de 12,5°C a 13,5°C.

OS SOLOS

A franxa costeira da metade norte presenta unha topografía de escasa pendente o que favorece a formación de solos evolucionados do tipo cambisol dístico. No resto da unidade desenvólvense umbrisois dísticos asociados ás ladeiras e parte somital do Monte Merexo.


AS AUGAS

Esta unidade caracterízase por presentar unha chaira costeira pouco irrigada, na que non se destaca a presenza de ningún curso de entidade. A masa de Augas Costeiras desta unidade é a da Ría de Camariñas (20136).

O PATRIMONIO NATURAL

Esta unidade está dentro do que se delimitou como área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. Trátase dunha costa de tipo mixto na que dominan os tramos acantilados pero que tamén conta con praias de diferentes tallas ao pé. É de destacar así o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos, ao que acompañan tanto o 1210, vexetación anual sobre refugalllos mariños acumulados, tendo en conta a existencia de numerosas praias de cantos de diferente tamaño, como o 8330, de covas mariñas mergulladas e semimergulladas, debido ás frecuentes pequenas cavidades dos cantís. O medio continental está bastante transformado, aínda que nas puntas de Entrepertas, Corpos e Chans, aparecen sectores con mato costeiro seco, potencialmente dos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos costeiros atlánticos de Erica vagans. Máis cara ao continente aparece nada salientable. Conta con cita do taxon vulnerable protexido Linaria aguillonensis.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade mantense unha gran superficie de terreo dedicado aos labores agrícolas, que presenta practicamente inalterados o tamaño, morfoloxía, continuidade e estrutura tradicional. A partir do punto onde empezan a erguerse as ladeiras do Monte de Merexo abandónase o cultivo e a superficie pasa a estar ocupada por plantacións arbóreas de repoboación, xerando unha masa forestal continua e densa, que ocupan o oriente e o sur do ámbito. Xusto no bordo litoral encóntrase unha instalación acuícola de grandes dimensións.

MORFOLOXÍA

O único núcleo que se encontra nesta unidade, ocupando unha posición central, é o asentamento tradicional de Merexo. Trátase dun Núcleo de Identidade Litoral por ser un asentamento tradicional singular ligado desde sempre á litoral. Esta poboación, que foi unha das máis importantes da zona, sitúase moi á costa e a partir dela abandónase o uso agrícola da terra e dedícase a explotación forestal. Núcleo moi compacto, apenas experimentou ningún crecemento en épocas recentes, mantendo a súa estrutura orixinal e conservando as tipoloxías propias da casa mariñeira da Costa da Morte. Tan só cara ao sur, apoiándose nunha das vías que tradicionalmente saían do núcleo, produciuse un feble crecemento a base de vivendas unifamiliares illadas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación neste ámbito é a estrada que o percorre lonxitudinalmente, paralela á costa e pasando ao lado do núcleo de Merexo, no seu traxecto entre os Muíños e Cereixo. Esta vía apoiase no proceso de concentración parcelaria realizado hai cincuenta anos, co que se transformou por completo a estrutura parcelaria da zona introducindo unha organización reticular do solo agrícola.

PATRIMONIO HISTÓRICO

En Punta Sartaña está catalogado o depósito arqueolóxico dos Castros de Merexo. Recentemente a Plataforma Veciñal reportou o achado dos restos dunha fortaleza militar de 1801, identificada nos mapas da época como Castelo de Merejo dentro do conxunto de fortificacións que proxectou en 1751 o enxeñeiro Llovet para garantir a defensa da ría. Tamén defenden que Merexo sería o enclave de Claudio Nerium, vila recoñecida con ese nome polo emperador Claudio, que lle daría a cidadanía romana aos seus habitantes. O Camiño de Santiago, no tramo Fisterra-Muxía atravesa a unidade polo seu extremo meridional no seu tramo que, desde Hospital, se desvía cara a Muxía.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe de Merexo caracterízase por ser un territorio traballado na súa totalidade polo home, cuns parámetros de ocupación moi claros e cuxa integridade se respectou co paso do tempo. Hai un forte contraste entre as extensas zonas chás de cultivo, cunha gran continuidade, e as ladeiras do Monte de Merexo, cubertas na súa totalidade por unha masa forestal ininterrompida. O núcleo de Merexo, que aglutina toda a actividade antrópica non relacionada coa explotación do solo, serve como centro e referencia para toda a área.

DINÁMICA DA PAISAXE

A actividade humana nesta unidade foi sempre moi intensa, xa que consta dunha zona ampla moi chá próxima ao mar na que os labores agrarios son doados de desenvolver, e as ladeiras do Monte de Merexo estiveron tradicionalmente dedicadas a actividades forestais. O asentamento poboacional mantivo a estrutura, morfoloxía e tipoloxías relativamente inalteradas, xa que non se introduciron novos usos nin actividades que supuxesen modificacións no modelo de ocupación do solo nin a construción de tipoloxías edificatorias diferentes. Os cambios máis transcendentais neste ámbito son os que introduciu o proceso de concentración parcelaria, que a mediados do século pasado substituíu a estrutura territorial tradicional, a base de muros e camiños que se adaptaban ao terreo, por unha trama ortogonal, de parcelas grandes e sensiblemente cadradas. Na etapa máis recente, a aparición de novas infraestruturas industriais (acuícolas) e os sucesivos proxectos de ampliación introduciron novas tensións no territorio, tanto no que referente á súa evolución física como social.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Nesta unidade cómpre destacar o contraste do mosaico de cores e texturas dos campos de cultivo da chaira costeira, que alberga aos núcleos tradicionais e ao Núcleo de Identidade Litoral de Merexo. Resgardando a unidade encóntranse o Monte de Merezco e Pena da Serra, que dotan ao conxunto dun fondo escénico que actúa a xeito de pantalla vexetal. Un dos maiores valores desta unidade é a extraordinaria lexibilidade que ofrece o modelo de organización do territorio. Aquí encóntranse as trazas das diferentes etapas históricas, desde o asentamento da poboación en agrupacións tradicionais, o traballo da terra mediante a explotación agrícola e forestal, as posteriores operacións de concentración agraria conforme cambiaban os sistemas de produción agrícola á introdución de infraestruturas industriais de nova xeración. Os contrastes entre as diferentes tramas territoriais (agrícola - forestal, chaira-ladeira, construído-agro...) tamén lle confiren un especial valor, que se complementa coa privilexiada posición que ten dentro do medio da ría de Camariñas, xerando conexións visuais coa Enseada de Merexo cara ao sur e a Enseada da Basa e a ría do Porto cara ao norte. Un excelente miradoiro natural podería situarse no medio da piscifactoría.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



